

Resolución núm. 2020/12121

## RESOLUCIÓN

Nomeamento e cese de persoal eventual ao servizo do Grupo de Democracia Ourenzana

Unha vez visto que o día 18 de xullo de 2019 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a dona Zaida María Alejos Garrido coa categoría de Asesora Política e a don Manuel Gutiérrez López coa categoría de Administrativo ao Grupo Político de Democracia Ourenzana.

Unha vez visto o escrito presentado no Rexistro Xeral desta Deputación polo portavoz do grupo político de Democracia Ourenzana o día un de outubro de dous mil vinte (núm. anotación 2020044129) no que solicita o cese de dona Zaida María Alejos Garrido como Asesor Política e o de don Manuel Gutiérrez López como Administrativo, así como o nomeamento de don Víctor Rodríguez Díaz como Asesor Político e o de don Bruno Blanco Tourón como Administrativo do devandito Grupo Político de Democracia Ourenzana.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Declarar o cese de dona Zaida María Alejos Garrido como Asesora Política e o de don Manuel Gutiérrez López como Administrativo do Grupo Político de Democracia Ourenzana con efectos do día seguinte a esta Resolución.

2.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don Víctor Rodríguez Díaz con NIF 34922374W, coa categoría de Asesor Político, asimilado ao subgrupo A2 e a don Bruno Blanco Tourón con NIF 45142296N, coa categoría de Administrativo, asimilado ao subgrupo C1, ao grupo político de Democracia Ourenzana, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do día seguinte a esta Resolución.

3.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación aos interesados.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electronicamente por 34962672G  
JOSE MANUEL BALTAR (R: P3200000B)  
Presidente da Deputación de Ourense  
02/10/2020 - 12:46:18

Asinado electronicamente por  
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA - 35297759G  
Vicesecretario Xeral  
02/10/2020 - 12:56:54